



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 1 DE MARZO DE 2019

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/1488/2018.- FUNDACIÓN CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.- Conceder licenza para realizar a restauración das cubertas da ala norte do claustro da Catedral sita na Praza do Obradoiro.

LIC/1487/2018.- FUNDACIÓN CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.- Conceder licenza para realizar a restauración de fachada sur e oriental do claustro e esconce da torre do tesouro da Catedral sita na Praza do Obradoiro.

LIC/1907/2017.-URBI LUCSA.- Conceder licenza ao proxecto básico para a construción de edificio de soto, catro plantas e baixo cuberta para trinta vivendas no Lugar Cornes, parcela R5-SUP-2.

LIC/1999/2018.- D. JESÚS RAMÓN COUSELO PRADO E OUTROS.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para realizar o parcelamento en LG Ramil, 6.

LIC/2063/2018.- CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.- Conceder licenza para a ampliación do CEIP Lamas de Abade sito en rúa Lamas de Abade.

LIC/1448/2016.-GALIVIVENDA SOCIEDADE COOPERATIVA.- Aprobar a modificación da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do 16 de febreiro de 2018, para a Construción de edificio de 6 vivendas protexidas de rexime xeral, local comercial, trasteiros e prazas de garaxe na rúa da Estrada, 93.

LIC/476/2018.- D. PASTOR M.AMARELLE GARCÍA.- Conceder licenza para a legalización e exención de obras necesarias para a adecuación á normativa do Plan Especial (PE-) da cidade histórica na rúa Carme de Abaixo, 54.

SEGREGACIÓNS

LIC/307/2018.- D. AVELINO RÍOS CAROLLO.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para realizar a segregación de parcela de RC 2117501NH 4521G0001ER en LG Sionlla de Arriba.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para realizar a restauración das cubertas da ala norte do claustro da Catedral sita na Praza do Obradoiro. LIC/1488/2018. Acórdase conceder a licenza para a restauración das cubertas da ala norte do claustro da Catedral, cun orzamento de execución material de 461.694,52 euros

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para realizar a restauración de fachada sur e oriental do claustro e esconce da torre do tesouro da Catedral sita na Praza do Obradoiro. LIC/1487/2018. Acórdase conceder licenza para a restauración da fachada sur e oriental do claustro e esconce da torre do tesouro da Catedral, cun orzamento de execución material de 921.500 euros.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para o proxecto básico para a construción de edificio de soto, catro plantas e baixo cuberta para trinta vivendas no Lugar Cornes, parcela R5-SUP-2. LIC/1907/2017. Apróbase a proposta

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para realizar o parcelamento en LG Ramil, 6. LIC/1999/2018. Apróbase a proposta.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para a ampliación do CEIP Lamas de Abade sito en rúa Lamas de Abade. LIC/2063/2018. Acórdase conceder licenza para realizar a ampliación do CEIP Lamas d Abade, cun orzamento de execución material de 906.302,77 euros.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación da modificación da licenza concedida por acordo da sesión de data 16 de febreiro de 2018, para a construción de edificio de 6 vivendas protexidas de réxime xeral, local comercial, trasteiros e prazas de garaxe na rúa da Estrada, 93. LIC/1448/2016. Apróbase a proposta.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para a legalización e execución de obras necesarias para a adecuación á normativa do Plan Especial (PE-) da cidade histórica na rúa Carme de Abaixo, 54. LIC/476/2018. Apróbase a proposta.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para realizar a segregación de parcela de RC 2117501NH 4521G0001ER en LG Sionlla de Arriba. LIC/307/2018. Apróbase a proposta.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática relativa a deixar deserta a licitación da "Concesión de uso privativo do dominio público municipal para a explotación da cafetería sita no parque da Granxa do Xesto". Acórdase deixar deserta a licitación unha vez retirada a oferta do único licitador presentado

11.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á autorización da realización de diversas actuacións no contrato de "Servizo de mantemento do alumeadado público, instalacións eléctricas dos locais municipais e instalacións do alumeadado ornamental dos monumentos do Concello de Santiago de Compostela". Acordase a realización das seguintes actuacións, cun investimento total de 54.196,69 euros, IVE incluído:
_ Reforma do alumeadado en Conxo-Torrente
_ Reforma de alumeadado Barciela-Marantes
_ Reforma e ampliacións en Vilarmaior
_ Reforma e ampliacións na Escola Municipal de Música en Vista Alegre
_ Reforma e ampliacións en acceso a Bando de Abaixo

12.- Proposta da alcaldía relativa á contratación por INCOLSA dunha operación de Tesourería. Acórdase autorizar, aprobar e avalar a contratación por Incolsa dunha operación de tesourería a 12 meses por importe de 670.000 euros, nas condicións ofertadas pola entidade Banco de Sabadell.

13.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á adxudicación do contrato das "Obras de mellora de equipamentos deportivos e sociais na parroquia de Figueiras. Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2018". Acórdase adxudicar o contrato a favor da empresa Mecano Obras y Reforms SL por un importe de 255.068 euros, IVE incluído.

14.- Dar conta polo concelleiro delegado de Educación da concesión pola Xunta de Galicia da subvención solicitada para o Plan concertado de servizos sociais comunitarios específicos: Escolas infantís municipais 2018, de Conxo, As Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños. Dase conta da resolución complementaria de asignación de transferencias finalistas correntes do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais, relativo ao financiamento das escolas infantís municipais de Conxo, As Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños durante o exercicio 2018, por un importe de 78.200 euros.

15.- Proposta do concelleiro delegado de Educación relativa á aprobación da memoria da XIX campaña municipal de animación á lectura "CÁNDIDO E OS DEMAIS". Apróbase a proposta.

16.- Proposta do concelleiro delegado de Educación relativa á aprobación do programa municipal de conciliación para SEMANA SANTA 2019. Apróbase a memoria do programa municipal de conciliación para a Semana Santa 2019, que terá lugar os días 15, 16, 17 e 22 de abril de 2019 nas instalacións do CEIP Monte dos Postes e Raíña Fabiola. O prazo de inscrición e matrícula será do 15 ao 29 de marzo, ambos incluídos.

17.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación da programación do ENTROIDO 2019. Apróbase a proposta.

18.- Dar conta pola concelleira delegada de Turismo da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e a Deputación Provincial da Coruña para o financiamento das actividades da III EDICIÓN FAIRWAY-FÓRUM DO CAMIÑO DE SANTIAGO 2019. Dase conta.

19.- Proposta da concellería delegada de Economía, Facenda e Administración relativa á recepción das obras de instalación de electricidade para campo deportivo e vestiario no campo de fútbol de Lamas de Abade. (Expdte. 50/17). Apróbase a proposta.

20.- Recoñecemento extraxudicial de créditos. Apróbase a proposta.

21.- Recoñecemento de obrigas. Apróbase a proposta.

22 a 48.- Proposta da Concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana. Apróbase a proposta.

URXENCIAS

1.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidádans, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación do proxecto básico e executivo da reurbanización da rúa Clara Campoamor, elaborado por Proyfe S.L. Apróbase o proxecto, cun orzamento máximo de licitación de 1.563.864,94 euros, e un prazo de execución de cinco meses.

2.-Proposta de alcaldía relativa á declaración de lesividade para o interese público do acto de aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescrición técnicas con base nos que se tramita o contrato do servizo de dirección pedagóxica, docencia e organización das actividades da Escola Municipal de Música. Apróbase a declaración de lesividade. No prazo de dous meses deberá interpoñerse o correspondente recurso contencioso-administrativo para demandar a anulación do acto declarado lesivo.